

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro do ano 2022, sen que en ningún caso sexán subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de xullo do ano 2023, sempre e cando exista crédito para tal fin.**

2. O CONCELLO DE MESÍA deberá presentar a xustificación **antes do día 30 de xuño de 2023.**

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCION COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do CONCELLO DE MESÍA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario de data 27 de maio de 2022.

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar duplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACION
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE MESÍA

Asdo.: Valentín González Formoso

Asdo.: Mariano Iglesias Castro

A SECRETARIA XERAL
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Asdo.: Amparo Taboada Gil



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN



Número 38 /2022

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MESÍA PARA O FINANCIAMENTO DAS "ACTIVIDADES NA AULA DA NATUREZA- MUSEO ETNOGRÁFICO DAS BRAÑAS DA VALGA" ANO 2022.

En A Coruña a 10 de xuño de 2022

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante.

REUNIDOS

Dunha parte, Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña

E doutra parte, Don Mariano Iglesias Castro, Alcalde Presidente do Concello de Mesía

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas.

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do CONCELLO DE MESÍA, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o **CONCELLO DE MESÍA, CIF P1504800B**, para o financiamento das "Actividades na aula da natureza- Museo Etnográfico das Brañas da Valga" ano 2022.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

O CONCELLO DE MESÍA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, con-
sonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
GASTOS DE PERSOAL	61.380,48 €
Peón de xardinería	21.624,36 €
Peón de xardinería	21.821,64€
Monitor de tempo libre	17.934,48 €
GASTOS CORRENTES	13.619,52 €
Material divulgativo e didáctico para visitas, exposicións, talleres, xornadas, etc.	1.000,00 €
Material para obradoiros, talleres, etc.	1.526,95 €
Cursos de cerámica, de utilización de materiais naturais, de modelado do barro, etc.	1.000,00 €
Conferencias e charlas	300,00 €
Produtos de limpeza	1.050,77 €
Electricidade e teléfono	1.600,00 €
Ferramentas de xardinería (materiais non inventariables)	1.038,71 €
Abonos, sementes e outros produtos para o mantemento das áreas axardinadas e zonas verdes	800,35 €
Alimentación e repoboación da fauna existente	1.000,00 €
Mantemento, reposición e conservación das instalacións e demais equipamento (pintado aulas, traballos de albanería en vieiros, canalizacións acuíferas, etc.)	2.502,74 €

Material e traballos de reparación de fontanería, electricidade...	1.800,00 €
TOTAL	75.000,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **60.000,00 €** o que representa unha porcentaxe de 80,00 %. No caso de que o gasto xustificádolo non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0510/3336/46201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE MESÍA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificádolo.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificádolo, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao CONCELLO DE MESÍA o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.
2. No procedemento de contratación o CONCELLO DE MESÍA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3. No caso de que o CONCELLO DE MESÍA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adjudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE MESÍA.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación provincial seralle aboada ao CONCELLO DE MESIA, unha vez que se presente a seguinte documentación:

- 1.- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE MESIA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- 2.- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- 3.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- 4.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- 5.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- 6.- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

O CONCELLO DE MESIA deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, terán lugar entre os días 1 de xaneiro de 2022 ata o 31 de decembro de 2022 e deberán estar rematadas antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE MESÍA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora

remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE MESÍA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE MESÍA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE MESÍA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axetada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a CONCELLO DE MESÍA terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONCELLO DE MESÍA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O CONCELLO DE MESÍA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do receptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o CONCELLO DE MESÍA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE MESÍA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuzamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iníciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP núm. 116 de data luns, 22 de xuño do 2015)
3. Para os supostos de retrasos na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP núm. 116 de data luns, 22 de xuño do 2015)
4. Si o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REGISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓN E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE MESÍA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE MESÍA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.